



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

MIGUEL PIÑEIRO SOUTO, SECRETARIO DO CONCELLO DA LARACHA (A CORUÑA).

CERTIFICO

Que na sesión extraordinaria do 22 de abril de 2025 a Xunta de Goberno Local adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

1.- ESTABLECEMENTO PREZO PÚBLICO MONÓLOGOS “XI FESTIVAL DO HUMOR” ANO 2025.

Dáse lectura á proposta de Alcaldía que se transcribe no seu literal:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Dende a Concellería de ensino, cultura, deportes, xuventude, turismo e festas, estase a organizar un ciclo de monólogos denominado “XI Festival do Humor”, que se celebrará durante o mes de maio de 2025.

O Tesoureiro do Concello emitiu un informe o día 11 de abril relativo á previsión de custos que soportará o concello na organización do ciclo de monólogos “XI Festival do Humor”, ao abeiro do artigo 4º da Ordenanza reguladora do prezo público por actividades organizadas polo concello (Boletín Oficial da Provincia número 188, de 3 de outubro de 2017).

Para cumprir co disposto no artigo 44.1 do RD Lexisla 2/2004 o prezo público debería permitir acadar unha recadación estimada que cubrise os custos que se calculan no informe antedito. Non obstante, co prezo público que se propón non se cubrirán os custos antes mencionados, sendo de aplicación o disposto no artigo 44.2 do RDL 2/2004 que permite a fixación de prezos públicos por debaixo do límite previsto no punto primeiro “*cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen*”, como é o caso, xa que se trata de actividades coas que se persegue a consecución do mandato establecido na Constitución Española de promoción e tutela do acceso á utilización do ocio e á cultura.

Tendo en conta o anterior, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Establecer a seguinte tarifa para o Prezo público pola participación no ciclo de monólogos “XI Festival do Humor” do ano 2025 que se celebrará entre os días 02 a 30 de maio:



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Prezo por entrada a cada monólogo: **10 €**

SEGUNDO.- Establecer o seguinte réxime de xestión para o Prezo Público pola participación no ciclo de monólogos “X Festival do Humor”:

- O ingreso do prezo público levarase a cabo en réxime de autoliquidación, mediante a adquisición da entrada nas dependencias municipais.
- O ingreso do prezo público levarase a cabo a través dun pago único anticipado no momento de adquirir a entrada para o monólogo correspondente.
- Admítese como medio de pagamento, o pago en tarxeta nas dependencias municipais, TPV Virtual ou como o ingreso nas contas correntes de titularidade municipal.
- O desistimento ou a falta de asistencia do usuario á actividade, unha vez iniciada a mesma, non suporá redución nin exención da obriga de pagamento.
- No suposto de que, por causas non imputables ao interesado deixara de realizarse a actividade solicitada procederase á devolución do ingresado na parte proporcional ás prestacións realmente efectuadas. Se a actividade non chegase a iniciarse por causas non imputables ao interesado procederá a devolución completa do importe ingresado.

TERCEIRO.- Publicar o presente acordo no Taboleiro de Edictos do Concello.”

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta transcrita cos seus acordos, por UNANIMIDADE dos membros presentes: D. José Manuel López Varela, D. José Ramón Martínez Barbeito, Dña. Almudena Martínez Pérez, Dña. Verónica Pérez Verdía, D. Juan Carlos Amado Collazo.

O que certifico, na Laracha, a data da sinatura electrónica, co visto e praxe do Sr. Alcalde, José Manuel López Varela, a reserva dos termos definitivos en que quede redactada a acta.